

DECRETO:

Unha vez rematado o prazo de admisión de instancias para poder tomar parte na selección para a contratación laboral temporal a tempo completo, polo período de SEIS (6) meses, ao abeiro do disposto no artigo 15.1 a) do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (BOE, 24 de outubro de 2015) e o Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro (BOE, 8 de xaneiro de 1999), polo que se desenvolve o devandito artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, de DOUS (2) oficiais de 2ª de albanel, para a reparación e mellora de bens municipais, así como para o adecentamento dos accesos aos núcleos de poboación deste Concello de Vilardevós.

E de conformidade coas bases aprobadas polo Decreto desta Alcaldía de data 2 de xuño de 2017 (base 4ª), e as facultades que me están conferidas,

VEÑO EN RESOLVER:

Primeiro: Declarar admitidos provisionalmente aos seguintes solicitantes,

| Núm. | Rexistro de entrada | Data | Solicitantes preseleccionados | DNI/NIF |
|------|---------------------|-------------------|-------------------------------|------------|
| 1 | 2017-E-RC-837 | 13/06/2017; 10:40 | ANTONIO RIVERO RIVERO | 34973335-H |
| 2 | 2017-E-RC-838 | 13/06/2017; 12:10 | ÁNGEL MORAIS GONZÁLEZ | 34967296-M |
| 3 | 2017-E-RC-867 | 19/06/2017; 10:34 | ÓSCAR ÁLVES ESTÉVEZ | 76722727-V |

Segundo: Declarar excluído provisionalmente ao seguinte solicitante,

| Núm. | Rexistro de entrada | Solicitantes preseleccionados | CAUSA DA EXCLUSIÓN |
|------|---------------------|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|
| 1 | 2017-E-RC-854 | MANUEL NÚÑEZ SOTELO | Non presenta certificado de estudos primarios ou equivalente (base 3ª b)) |

Terceiro: Conceder, ao abeiro do disposto na base 4ª, un prazo de TRES (3) DÍAS HÁBILES, aos efectos de reclamacións e correccións de deficiencias, a contar do día seguinte á publicación deste listado provisional no Taboleiro de anuncios do Concello, así como na páxina web da Deputación provincial de Ourense (<http://www.depourense.es/index.php/es/ofertas-empleo-ayuntamientos>).

Mándao e asíno o sr. alcalde-presidente, D. Manuel Cardoso Pérez, en Vilardevós a vinte e un de xuño de dous mil dezasete.

O ALCALDE.

Ante min,
O SECRETARIO.